

KAMISHIBAI

M^a EUGENIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
AMALIA PÉREZ OTERO



Que é o kamishibai?

De Xapón ao resto do mundo contando emocións

Kamishibai significa “teatro de papel” e é unha forma de contar contos moi popular en Xapón. Adoita estar dirixido a nenas e nenos pequenos que van desfrutar del en grupo. Tamén é utilizado como recurso didáctico.

O *kamishibai* está formado por un conxunto de láminas que teñen un debuxo nunha cara e texto na outra. O seu contido, xeralmente en

forma narrativa, pódese referir a un conto ou a algún contido de aprendizaxe.

A lectura do *kamishibai* realízase colocando as láminas en orde sobre un soporte, “*teatriño*” de tres portas, de cara ao auditorio e deixandi esvarar as láminas unha tras outra mentras se le o texto.

Precísase un presentador ou intérprete que lea o texto mentres os espectadores contemplan os debuxos.

Contidos

Que é o kamishibai?	1
A sinxeleza do kamishibai	2
Por que gusta tanto?	
Kamishibai ou teatriño de madeira	3
Recurso para a recuperación da narración oral	4
Os textos do kamishibai	
Os debuxos do kamishibai	
A interpretación	
O obradoiro de Kamishibai	7
Os bocetos	
Os debuxos	
A maquetación	
A organización do texto	
Outras características	

2^a Parte

A combinación de códigos na escrita: texto e imaxe

Por que gusta tanto o *kamishibai*?

○ formato do *kamishibai*

Láminas con debuxos grandes, de trazos simples e impactantes, que se ven á vez que se escoita un texto sinxelo e directo relativo aos debuxos, fai que co *kamishibai* se orixine un ambiente máxico e de concentración en torno á historia que se está a contar.

○ uso do teatriño acrecenta este efecto

As portas do teatriño separan “o mundo da historia” do “mundo real”. O seu formato axuda a concentrarse no debuxo presente.

○ movemento das láminas

Fai abanear continuamente a atención e as emocións entre a anticipación do que vai vir e a estabilidade do presente converténdose nun xogo co público.

○ gran grupo

O alumnado asiste a un espectáculo no que colectivamente pode berrar de medo ou rir con forza. Isto predispón a compartir os mesmos sentimentos experimentando a sensación de grupo e o desfrute conxunto

A interpretación

produce a interacción gozosa e compartida entre os membros da audiencia, entre estes e o intérprete, e entre ambos e a mensaxe que o autor nos quere transmitir.

Alumnado de 3º ESO contan historias creadas por eles co *Kamishibai*.



A sinxeleza do *kamishibai*

O *kamishibai* destaca pola súa sinxeleza e pódese realizar a calquera hora, en calquera lugar e por calquera persoa.

Os autores de *kamishibai* adoitan expresar as súas mensaxes, tanto nos textos como nos debuxos, de forma concisa e precisa. Esta sinxeleza é necesaria se temos en conta que se dirixe a pequenos que o van ver a certa distancia.

O número de personaxes, humanos ou animais, normalmente é pequeno.

Igualmente un aspecto moi interesante é que esa sinxeleza o fai axeitado como medio de creación e recreación de historias creadas polo propio profesorado e, por suposto, tamén polo alumnado, independentemente da idade que teñan as nosas clases.



紙芝居




**PARTE
FRONTAL
(PÚBLICO)**

KAMISHIBAI ou TEATRO DE MADEIRA

En xeral, o kamishibai está formado por un teatriño de madeira con tres portas, dun tamaño aproximado de DIN A3, e un conxunto de láminas (arredor de 12) que teñen ilustración a toda cor por unha cara e texto pola outra.


O seu contido, xeralmente en forma narrativa, refírese a un conto ou a algún contido de aprendizaxe. Como o texto vai pola parte de atrás das láminas, o kamishibai precisa dun narrador ou interprete que lea/conte a historia mentres o público mira os debuxos.

A lectura do kamishibai realízase colocando as láminas en orde sobre un pequeno soporte/ranura del teatriño, de cara ao auditorio e facendo pasar as láminas unha tras outra, mentres se le o texto.



**PARTE
TRASEIRA
(NARRADOR)**

imaxe que
ve o
público



número de
lámina

texto para
ler



Conto tradicional adaptado ao kamishibai na clase de E.I.

Os textos do *kamishibai*

Os textos son sinxelos, claros e directos; historias simples, con frases curtas e fáciles e uso de formas verbais sinxelas. Non é como un libro de contos onde os sentimentos se describen con detalle. No kamishibai apenas hai descripcións; súplense cos debuxos e cos diálogos.

O texto débese axustar aos sentimentos e formas de pensar dos personaxes. Abundan os diálogos que mostran máis doadamente a personalidade dos protagonistas e favorecen que a audiencia se identifique con eles.

Os debuxos do *kamishibai*

As láminas teñen os debuxos grandes e de trazos claros para poder ser vistas dende certa distancia. Non se debuxan detalles nin fondos complicados que poiden distraer. As escenas son simples, procurando que causen certo impacto.

Os personaxes deben resaltarse; mellor se están de cara á audiencia e, nos casos que se considere oportuno, en movemento.

O uso de distintos planos nas láminas axuda a crear diferentes efectos e sentimentos. Neste sentido tamén son importantes as cores utilizadas.

A correspondencia entre os textos e os debuxos debe ser completa debido a que a audiencia mira e escoita simultaneamente. En ambos hai que suprimir todos os detalles superfluos que poden levar á distracción e ao aburrimiento.

Recurso ideal para a recuperación da narración oral:

- Facilita o saber escoitar e o gozar das narracións orais.
- Canaliza a **relación afectiva**, induce á audiencia, a compartir as súas emocións co resto dos compañeiros, producindo unha interacción gozosa e compartida entre todos eles, "Kyokan".
- Esperta a imaxinación e fantasía entre os oíntes.
- Permítelle ao intérprete gozar de forma conxunta coa audiencia, establecendo unha certa complicidade con ela, creando o sentimento de grupo e mellorando a relación entre os compoñentes.
- Permite o tratamento da diversidade de forma natural mediante o uso de contos de diferentes culturas, nos que ademais, as ilustracións amosan elementos típicos de cada unha delas.
- Facilita o asumir o papel de intérprete, o contar contos a outras persoas. O kamishibai é un eficaz recurso para que os nenos e adultos aprendan a contar historias.

CON SE LLOS

PARA UNA
CORRECTA
INTERPRETACIÓN
DEL KAMISHIBAI

1

Unha vez elixida a obra, convén lela previamente para captar e asimilar en profundidade a mensaxe que o autor quere comunicar.

2

Antes da representación repasar a orde das láminas.

3

Comezamos facendo soar unhas claves co teatriño coas tres portas aínda pechadas. Despois imos abrindoas amodiño.

4

Colocarse a carón do teatriño e de cara á audiencia procurando que detrás non haxa nada que distraia ou dificulte a atención da audiencia.

5

Ler, salientando ben, o nome do autor/a, o do ilustrador/a e o título da historia. Isto predispón aos espectadores a entrar na realidade do mundo da historia.

6

Contar transmitindo as emocións das personaxes con sentimento. Non é necesario forzar as voces pero axuda xogar con elas.

7

Deslizar axeitadamente as láminas usando efectos para adecualos ao momento da historia e aos sentimentos que quere fomentar.

8

Finalizar a historia - estando aínda visible a última lámina do conto- con algunha expresión de remate.

9

Pechar as tres portas do teatriño amodo e en orde.

A interpretación do *kamishibai*

Un dos aspectos máis importantes do *kamishibai* é a súa interpretación. Non abonda con ter boas obras; tan importante como a calidade destas é o xeito de levar a cabo a súa representación. Non se debe quedar na simple lectura do texto. Cómpre darlle un certo efecto dramático axeitado a cada situación.

O intérprete colócase cerca e detrás do teatriño, de cara ao público e presenta a historia usando a súa propia voz. O papel fundamental do intérprete é coñecer e conectar co mundo da historia e transmitilo á audiencia; debe ser quen de sintonizar á audiencia co mundo do autor e de compartir con ela os sentimentos e emocións que cada autor nos quere transmitir.

É moi importante a súa voz e toda a súa expresión corporal, pero debe evitar ser el o protagonista; o centro de atención debe estar no que o autor nos quere comunicar. Tamén debe estar moi atento ás expresións e actitudes dos nenos e nenas e adaptar a eles e elas a súa interpretación.

Para conseguir o efecto máxico, típico do kamishibai, é importante coidar todos os detalles na súa lectura-interpretación.



Ensaio do conto creado



Obradoiro de creación de Kamishibai na Biblioteca Pública de Rois

Kamishibai e emocións?

En Educación Infantil e Primaria, o kamishibai ten moitas aplicacións didácticas como técnica de narración oral, motiva á lectura e facilita a escritura do texto narrativo. Pero onde realmente reside a súa gran potencialidade didáctica é ao usármolo no Obradoiro de Kamishibai, facilitando que os nenos asuman o papel non só de oíntes, senón tamén de intérpretes e creadores.

Cualidades da intelixencia Emocional
AUTOCONHECIMENTO.

Presentamos historias de aquí e de acolá, de distintas personaxes, de situacións diversas que fan pensar aos nenos e nenas e espertan a súa curiosidade e coñecemento do mundo e de si mesmos.

AUTORREGULACIÓN

O traballo en equipo, tanto como público como a elaboración de Kamishibais ensínalles aos nen@s a facer as cousas o mellor posible de acordo coa situación e buscar solucións sanas ante os problemas.

MOTIVACIÓN

Non cabe dúbida de que esta actividade está ideada para o disfrute do público e, máis se cabe, no Obradoiro de Kamishibai.

EMPATÍA

A creación de contos Kamishibai promove o compañeirismo e a axuda mutua, achegando aos nen@s nun traballo colaborativo.

PASOS A TER EN CONTA NA PRESENTACIÓN DAS IMAXES



1º Ordénanse todas as láminas de cada conto Kamishibai, desde a imaxe nº1 á última, en orde correlativo (01, 02, 03, etc) e co lado das ilustracións en cor cara arriba.




2º Logo de ordenar as láminas do conto, introdúcense todas xuntas na ranura interior do teatro Kamishibai, mostrando a lámina 01 (ilustración en cor) cara ao auditorio.

3º O narrador colócase detrás do teatro Kamishibai e comezará a narración lendo o texto que figura no dorso da última lámina e que corresponde á imaxe amosada nese momento (01 ao comezo do conto).



4º Unha vez lido o texto correspondente á lámina 01, primeira lámina en ser exposta, extraerá esta moi amodo cara á súa dereita e colocase no último lugar das láminas que xa están no teatro Kamishibai.

5º Continuará con este sistema ata finalizar a narración da última escena mostrada (fin do conto). O texto da mesma vaise atopar no dorso da penúltima lámina do conto.



Case todas as historias Kamishibai posibilitan a interactividade co público en forma de xogos de palabras, plantexamento de preguntas... que estimularán, sen dúbida, a imaxinación e creatividade dos cativos/as.

Para axudar nesta tarefa existe unha lámina co símbolo de interrogación que podemos colocar onde queiramos crear esa interacción co auditorio.



Obradoiro de creación de Kamishibai co alumnado de 1º E.S.O.

OBRADORIO DE KAMISHIBAI

A tarefa de crear kamishibais na aula é ben divertida, pero cómpre ter en conta unhas consideracións:

O boceto

Partimos dun guiión gráfico que nos servirá de boceto para plasmar as nosas primeiras ideas sobre o conto que queremos crear.

Neste momento do proceso é cando decidiremos a idea principal ou obxectivo, o/a protagonista, as personaxes secundarias, o lugar, a trama... Mesmo cómpre ter en conta o tipo de debuxo ou ilustración (xa que ás veces pode pasar que non somos quen de debuxar o que temos en mente) e/ou o sentimento a provocar con cada lámina, tanto co texto como co debuxo.

Os debuxos, no boceto, deben ser moi esquemáticos. Deben dar unha idea clara do que será o Kamishibai.

Os debuxos

O primeiro que hai que ter en conta é que os debuxos serán apaisados.

Téñense que identificar facilmente as distintas personaxes e os elementos que se repiten nelas.

Os debuxos deben ser grandes e sinxelos, sen detalles pequenos. Os fondos tamén moi sinxelos. Non debemos debuxar nos bordes nada importante (xa que non se verá).

Nas ilustracións do kamishibai, ademais de debuxos, poden usarse fotografías, collage... Non hai que preocuparse moito polas técnicas para colorear; só con pinturas de cera dura, Plastidecor ou similares, pode quedar moi bien. Tamén se pode complementar nos fondos con pequenas estampacións con materiais diversos e/ou acuarelas.

O guiión gráfico- Boceto



A historia



As ilustracións



As probas de narración



O conto Kamishibai



Maquetación

Aínda que o tamaño normal do Kamishibai é DIN A3, convén facer os debuxos con lapis, en papel e en tamaño A-4, que é o formato co que estamos máis familiarizados. Tamén se pode facer do tamaño estándar dos kamishibais: 26,5 x 38,2 cm.

Co alumnado mellor usamos papel normal e facemos fotocopias en cartolina, que serán as que coloreen.

Tamén se escriben os textos en folios tamaño A4 apaisado.



Unha vez coloreadas as láminas, escanéanse ou fotocópianse en tamaño pequeno e en tons de grises para incluír eses debuxos na parte do texto e que o/a intérprete teña o referente do que está vendo a audiencia. O tamaño aproximado deses debuxos debe ser de 4,6 x 6,5 cm. para incluílo nos textos en A-4 e de aproximadamente 5,5 x 8 cm. para incluílos en láminas A3.

Nas ilustracións, abaixo, á esquerda, non moi ao borde, ponse o número da lámina.

Organización do texto

O texto debe ser fácil de ler. Debe verse claramente a parte de texto que corresponde ao narrador e aos diálogos. Tamén podemos incluír consellos (como mover as páxinas, entonación...)

Outras características específicas do kamishibai

Nas ilustracións non debe haber ningún texto. Unicamente na primeira lámina onde vai o título e o nome do/a/s autores.



No kamishibai, o texto narrativo comeza na primeira lámina. Isto é diferente aos libros de contos que adoitan ter portada cun debuxo antes de iniciar a narración.

紙芝居

KAMISHIBAI

CONTOS
E
EMOÇÕES



Sesión de Contacontos para alumnado de EP cos Kamishibai creados por alumnas e alumnos de 3º E.S.O.

ENLACES e BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

ALDAMA JIMÉNEZ, Carmen (2015): "El kamishibai",

ALDAMA JIMÉNEZ, Carmen (2015): "Taller de Kamishibai. La magia de crear y contar historias",

NORIKO MATSUI (2012): "Como representar Kamishibai. P&R"

"Blog do proxecto Kamishibai en Navarra: Páxina moi completa con todos os recursos necesarios para traballar cos Kamishibais.

<http://kamishibai.educacion.navarra.es> [17/XI/2013]

Green Bees. Cultivemos as nosas diversidades. Obradoiro de capacitación: "Utilizando o kamishibai".

<http://www.scribd.com/doc/22883890/Utilizando-el-Kamishibai-Greenbees>[17/XI/2013]

Rubio, P. e Fuenmayor, A. (2010): "Talleres con Kamishibai / Una ventana abierta a la fantasía". Siete Leguas Ediciones. Con CD.

AA.VV. (2009): "Medrando sans. De sentimento en sentimento. De emoción en emoción". Xunta de Galicia. (disponible en PDF na rede)



Mª EUGENIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
eugeniafernandez@edu.xunta.es

AMALIA PÉREZ OTERO
amalia.perez.otero@edu.xunta.es,